

ACTA de Reunión Urxente e Extraordinaria da XUNTA DE GOBERNO

Horario de intervención: das 17.30h do 16 de marzo do 2022 ás 17.30h do 17 de marzo do 2022
para as votacións

Lugar: Modalidade de votación non presencial a través da vía telemática

RELACIÓN DE PERSOAS CONVOCADAS

Miriam Rodríguez Sierra

Antonio Doval Canabal

Ana María Rodríguez Fernández

María Rosario Capelo Casas

Cristina Díaz Mira

Ana María Vilar Varela

Elena Gómez Fernández

Pablo Antelo García

Laura Zapato Criado

Adriana Vieites Freire

ORDE DO DÍA

1. **Rexeitar, se procede, a proposta da Dirección Xeral de Xustiza de efectuar un convenio de colaboración co COTSG para abordar o retraso existente na elaboración de informes psicosociais no IMELGA.**

Ante a proposta por parte da Dirección Xeral de Xustiza de efectuar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para abordar o retraso na elaboración de informes psicosociais por parte do Instituto de Medicina legal de Galicia en materia de dereito de familia, a Xunta de Goberno acorda rexeitar a proposta de convenio.

Os motivos son os seguintes:

- A Xunta de Goberno entende que a actuación pública debe estar encamiñada en todo caso a reforzar o persoal pertencente aos equipos multidisciplinares que conforman o IMELGA, como organismo fundamental e necesario para a correcta actuación dos xulgados, polo que necesita de xeito imprescindible estar dotado de todos os recursos tanto materiais como humanos que o fagan eficaz e resolutivo para a protección psicosocial e xurídica das familias en situacións de vulnerabilidade.
- A proposta realizada por parte da Dirección Xeral **non supón unha solución real e efectiva á problemática existente**, tendo en conta ademais que esta experiencia xa foi **implementada no ano 2018 con uns resultados foron absolutamente infrutuosos**. Nese momento foron os propios órganos xudiciais receptores de aqueles informes os que detectaron e comunicaron as eivas e as carencias que contiñan.

Visto e prace:

A Presidenta



A Secretaria

